

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ORDE do 6 de agosto de 2013 pola que se fai pública a convocatoria de trinta prazas de colaboradores bolseiros nos centros residenciais docentes da Coruña, Ourense e Vigo.

Sendo necesario para o normal funcionamento dos centros residenciais docentes da Coruña, Ourense e Vigo a colaboración en todas as tarefas de orde interna e actividades de residencia, relacionadas co desenvolvemento de accións formativas e de convivencia dos residentes, e en uso das facultades que ten conferidas esta consellería,

DISPOÑO:

Primeiro.

1. Convócanse 30 prazas de colaboradores bolseiros nos centro residenciais docentes da Coruña, Ourense e Vigo, dependentes da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, da forma que a seguir se relaciona:

CRD A Coruña: 18 prazas.

CRD Ourense: 6 prazas.

CRD Vigo: 6 prazas.

2. A duración da praza concedida comprenderá o período correspondente ao curso escolar 2013/14.

3. O beneficiario da praza de bolseiro non poderá realizar, mentres a disfrute, ningún tipo de traballo remunerado, aínda que poderá facela compatible con outras axudas.

Segundo. Para optar á praza será preciso que concorran ou se acrediten, se é o caso, os seguintes requisitos:

a) Ser español, nacional dun país membro da Unión Europea ou doutros países con residencia en España no momento de asinar a súa solicitude.



b) Non estar en posesión dun título académico igual ou superior ao dos estudos que se pretende realizar.

c) Ter feitos, como mínimo, dezaoito anos.

d) Estar inscrito ou matriculado no curso 2013/14 nun centro oficial universitario. A distancia do centro universitario ao centro residencial docente en que deberá residir e os medios de comunicación entre ambos os dous deberalle permitir ao bolseiro o normal cumprimento das súas obrigas.

e) O estado de saúde do colaborador bolseiro deberá permitir o normal desenvolvemento na vida docente da residencia.

Terceiro.

1. Os aspirantes deberán presentar os seguintes documentos:

a) Instancia dirixida á Dirección do Centro Residencial Docente, segundo o modelo que figura no anexo a esta orde.

b) Unha fotografía tamaño carné.

c) Documento acreditativo de estar inscrito ou matriculado como alumno oficial de facultade, escola superior, escola universitaria ou colexio universitario.

d) Currículo do aspirante, con especial mención ás actividades educativas en que participou.

e) Certificación de notas, correspondente ao curso escolar 2012/13.

2. As solicitudes deberán presentarse en soporte papel nos centros residenciais docentes ou por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>



En caso de enviarse por correo, o envío deberá ser certificado co selo de Correos na primeira folla do formulario para garantir que a data de remisión é anterior á de peche da convocatoria.

3. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Unha vez recibidas as solicitudes e, se é o caso, de acordo co establecido no artigo 71 de Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, requirirase o interesado para que no prazo de 10 días emende os erros ou complemente a documentación.

Cuarto.

1. Concluído o prazo anterior, constituirase no centro residencial docente unha comisión de valoración que estará integrada polo director do devandito centro, como presidente, como vogais, o xefe de residencias, un educador ou profesor de actividades e un representante da asociación de pais con presenza no centro, e actuará como secretario, un funcionario administrativo do centro.

2. A comisión de valoración ordenarán as súas solicitudes segundo os méritos reflectidos nelas, tendo en conta especialmente as aptitudes do/a candidato/a para o desenvolvemento de tarefas formativas, a vinculación con centros residenciais docentes e o seu expediente académico.

Unha vez concluída a fase de valoración, elevarase proposta á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, que procederá a conceder as axudas e fará chegar aos que resulten beneficiarios definitivamente as correspondentes credenciais.

3. No suposto de que non se ditase resolución expresa dentro do prazo máximo de 3 meses desde a data de publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*, os solicitantes poderán entender desestimadas as súas solicitudes.

Quinto.

1. A resolución da solicitude seralle comunicada ao interesado, que disporá dun prazo de reclamación de quince días. A concesión da praza terá carácter de provisionalidade en canto non se formalice a matrícula no centro docente universitario.



2. As reclamacións resolveranse no prazo dun mes, contado desde a súa interposición, e consideraranse desestimadas de non seren resoltas nese prazo.

3. A resolución expresa ou presunta das reclamacións formuladas dará carácter definitivo ás adxudicacións.

Contra esta resolución, os interesados poderán interpoñer recurso de alzada, no prazo dun mes, ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, segundo o disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Sexto. Os colaboradores bolseiros terán os seguintes dereitos:

a) Exención do pagamento dos servizos residenciais durante o período de funcionamento destes para os alumnos do centro.

b) Recoñecemento da súa condición de colaborador bolseiro ante o resto dos residentes.

c) Asistencia sanitaria ordinaria por parte dos servizos médicos do centro.

Sétimo. Os colaboradores bolseiros terán as seguintes obrigas:

a) Someterse a recoñecemento médico previo nos servizos facultativos do centro.

b) Seguir con aproveitamento os estudos para os que se matricula.

c) Residir no centro residencial docente.

d) Cumprir e facer cumprir as normas de réxime interno do centro.

e) Colaborar na residencia en todas as tarefas e labores de orde interna e actividades de residencia que lle poida encomendar a dirección do centro, relacionadas co desenvolvemento de accións formativas e de convivencia dos residentes.



Oitavo.

1. A condición de colaborador bolsreiro perderase por algunha das seguintes causas:

- a) Non cumprir os requisitos necesarios para a súa adxudicación.
- b) Ocultar ou falsear os datos.
- c) Sanción disciplinaria imposta conforme as normas que resulten de aplicación.

Para os casos comprendidos nas letras a) e b) a perda será inmediata, sexa cal sexa o momento en que se constate.

2. O director do centro poderá propoñer á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos que cese como colaborador bolsreiro por deficiencia notoria no cumprimento das súas obrigas, en calquera momento despois de rematadas as actividades lectivas do primeiro trimestre, logo do informe motivado da xunta de residencias, e sempre que fose advertido expresamente con anterioridade pola mesma causa, e logo da audiencia do interesado.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 6 de agosto de 2013

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria





XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
 E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO

PROCEDEMENTO PRAZAS DE COLABORADORES BOLSEIROS NOS CENTROS RESIDENCIAIS DOCENTES DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED308A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	-------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO FAX ENDEREZO ELECTRÓNICO

ESTADO CIVIL DATA NACEMENTO PROVINCIA NACEMENTO LOCALIDADE NACEMENTO

PRAZA QUE SOLICITA

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)

TIPO DE VÍA NOME DA VÍA NÚMERO BLOQUE ANDAR PORTA

CP PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

TELÉFONO FAX ENDEREZO ELECTRÓNICO

DATOS ACADÉMICOS

TÍTULOS QUE POSÚE

ESTUDOS REALIZADOS NO CURSO 2012/13

CUALIFICACIÓNS OBTIDAS NO CURSO 2012/13

CENTRO EN QUE REALIZOU OS SEUS ESTUDOS

ESTUDOS QUE REALIZARÁ NO CURSO 2013/14

CENTRO EN QUE ESTÁ INSCRITO OU MATRICULADO

OUTROS COÑECEMENTOS E TÍTULOS (MUSICAIS, DEPORTIVOS ETC.)

DECLARO:
 Que son certos os datos consignados nesta solicitude e comprométome a presentar a documentación acreditativa que se me solicita.

De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, a Consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, se poidan impoñer nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a referida publicidade.

CVE-DOG: lk4kbc9-af6-ief0-vps3-ggmvjla0qj86



**XUNTA
 DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO
(continuación)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a este centro directivo como responsable do ficheiro.


LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 6 de agosto de 2013 pola que se fai pública a convocatoria de trinta prazas de colaboradores bolsseiros nos centros residenciais docentes da Coruña, Ourense e Vigo.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de



Enderezo do centro residencial docente de



XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>

